

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 28/01/1972**

**Colección:**

**Data:** 28/01/1972

**De:**

Domingo García-Sabell;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixe:**

Doutor Teixeira, 11 (de enderezo), Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa e membrete:]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*The memoirs and correspondence*; Artes; Asuntos particulares; Literatura;

**Mencionados:**

Isaac Díaz Pardo; Rafael Dieste; Pedro García-Baquero; Frieda Lawrence Ravagli; Maruxa Seoane; Elena Tormo;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 28/01/1972**

DR. DOMINGO GARCÍA-SABELL/DR. TEIJEIRO, 11/TELÉFONO 592116/SANTIAGO

28-I-1972

Sr. D. Luís Seoane  
Buenos Aires

Querido Luís:

O asunto do noso amigo non vai nada ben. E non polo que se refire ao seu problema cerebral, hoxe xa resolto. Refírome ao problema afectivo. Tiven unha longa, longuíssima conversa con ele: sete horas arreo. Nega moitas cousas, pro admite outras. A máis grave é que a súa vida conyugal xa non ten ouxeto. Pensa separarse definitivamente. Si deica agora non tomou unha resolución seria, é porqué eu o evitei. Pro a resolución virá de seu. O programa está moi elaborado, mesmo nos seus máis mínimos detalles. Naturalmente, a dona non sabe ren disto.

I agora vamos ao que máis importa. Coido que o namoro pola mociña –que ele nega tercamente, mais que é moi evidente– xoga un papel accidental. Aínda que é un namoro antigo, como eu xa che tiña dito, e como tí agora me confirmas, aínda con todo, a cousa é secundaria. Ao meu ver, o importante é a realidade atroz do acabamento da relación matrimonial, o desexar afastarse pra sempre da dona. A tremenda incompatibilidade que ele amosra cabo de súa muller.

Como os brúidos dos ouvidos continuaban, mandeille facer unha exploración a fondo do laberinto, ouvido interno, etc. O Dr. Baquero non atopou nada e, sin imaxinarse siquera o que lle acontece ao doente, afirmoume que tales brúidos eran meramente psicógenos, desencadeados por algún conflito íntimo.

O noso amigo, en consecuencia, vai levando a cabo o seu plan, con moita parsimonia, pro con enorme tenacidade. Como ao mesmo tempo a súa dona escomenza a amosrar uns celos cáseque agresivos, isto está ben dramático. É un drama xordo, calado e sumamente anguriente.

De todo isto din noticia aos Dieste. Xa non estamos diante de unha afección cerebral, nin tampouco dunha neurosis, ou mesmo psicosis, alarmantes.

Estamos diante dun xiro na vida dun individuo que, máis ou menos estrambótico, vai ter algún día cumprimento. A Meiciña soio pode dar sedantes, ou facer psicoterapias e psicoanálisis. O resultado é sempre ben probe.

Entón o que compre é axudalo como amigo, como entranable amigo que é. Eu vou seguir usando toda a miña influencia sobor dele. E, neste senso, recabei endemais a axuda i o consello dos Dieste. Eles están en todo conformes conmigo. Dígoche isto porque nista carta, por forza esquemática e sin probas ouxetivas, podería parecerche a miña maneira de pensar un tanto

arbitraria. E nono é. Ogallá o fora.

Xa vín a carta que Maruja lle escribiu á dona do noso amigo. Aconsellei que nona entregaran á destinataria. Tal e como están as cousas, potenciaría, cecais perigosamente, os celos dela e, de retuque, as agresividades verbales dele. Comprendo que Maruja, e tí tamén, queirades axudar. Pro como non estabades ao corrente dos derradeiros sucesos, non pudéchedes calibrar a importancia dos vosos datos unha vés lidos eiquí. Si algunha outra cousa sabedes, decidema a mín.

Craro que xa ando a pensar no libro teu. Calisquer días distes remesareiche a lista das cousas que teño encol de tí.

Moitas gracias polas xestiós do Lawrence. Hai que ter pacencia. Supoño que haberá axiña outra edición. A ver si atopas isto: Frieda Lawrence: The memoirs and correspondence, edited by E. W. Tedlock. (Knopf).

Fai tempo remeseiche a conferencia do Castro. Quedou moi ben.

Apertas de Elena e miñas pra Maruja. ¡Cánto vos botamos de menos! E unha moi fonda de

Domingo

[Escrito a man]

Onte estiven no Ferrol. Por casualidade fixéronme unha entrevista prá radio. Preguntáronme, entre outras cousas, por tí e por Díaz Pardo. Lanceime, e falei cáseque media hora. Especialmente do valor universal do teu arte.

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.